
OS PRINCIPIOS DO BO LIDERADO

Do bo goberno ao bo liderado.



1989 → 2026

En 1989 o Banco Mundial falou por primeira vez dunha crise de gobernanza.

Trinta e cinco anos despois hai códigos, leis e unha norma internacional, a ISO 37000. En España, as cotizadas seguen de media o **88,2 %** das recomendacións do seu código.

Fontes: Banco Mundial (1989), CNMV (2025).

E AÍNDA ASÍ

No ano 2000, o consello de Enron estaba entre os cinco mellores dos Estados Unidos.

A finais de 2001, Enron quebrara. Wells Fargo e Boeing tamén tiñan consello, comisións, código e auditor.

Fontes: Senado dos EUA (2002) e as investigacións oficiais de cada caso.

JEFFREY SONNENFELD, YALE, 2002

O que distingue un consello é como traballan xuntos os que o forman.

Os consellos que fallaran seguían a maioría das normas aceptadas.

Harvard Business Review, setembro de 2002 (paráfrase).

O QUE ENSINAN ESES TRINTA E CINCO ANOS

As regras non se cumpren soas.

Alguén as cumpre, as fai cumprir ou as baleira: quen dirixe. Quen dirixe un equipo explica polo menos o **70 %** da varianza do compromiso entre equipos.

Fonte: Gallup (2015).

E NA MAIORÍA DAS EMPRESAS

O bo goberno é unha persoa.

O **99,8 %** das empresas españolas son pemes. A maioría non ten consello nin comisións: o seu bo goberno é a conduta de quen as dirixe.

Fonte: Ministerio de Industria e Turismo, Cifras PEME (2026).

POR ISO, O BO LIDERADO

Liderar ben é superar os obxectivos facendo medrar as persoas.

É o bo goberno levado á conduta de quen dirixe persoas: principios que se poden cumprir, observar e esixir.

SETE PRINCIPIOS

1 **PROPÓSITO**
Quen lidera sabe para que lidera, e o seu equipo tamén o sabe.

2 **PREPARACIÓN**
Liderar apréndese, e quen lidera non deixa de prepararse.

3 **CONFIANZA**
No equipo de quen lidera ben, pódese dicir a verdade.

4 **CRECEMENTO**
Quen lidera ben fai medrar as persoas ata que poden ocupar o seu lugar.

5 **PERDURABILIDADE**
Os obxectivos supéranse coas persoas, e o seu custo humano conta como resultado.


6 **CONCIENCIA**
Quen lidera coñécese, pide a verdade sobre si e úsaa.

7 **COHERENCIA**
O que a organización declara, a conduta de quen a dirixe cúmpreo.

VINTE CARAS, VINTE CONDUTAS

O símbolo é un icosaedro.

Cada cara é unha conduta que se ve desde fóra.
Desde ningún punto se ven máis de dez.



ADHESIÓN

Leos, ponte a proba e, se os compartes, adhírete.

É un compromiso público, gratuíto e renovable cada ano. Marco aberto, de uso libre citando a fonte.

buenliderazgo.org/gl